CENTRO GALLEGO DE BUENOS AIRES
BELGRANO 2199 (R. 75)

Buenos Aires, 11 de marzal do 1975

Señor
Luis ToBío Fernández
Bonetero 5 - 1º piso
MADRID (16) HESPAÑA

Distinto señor:

Teño a honra deme dirixir a vosté pra lle manifestar que, a proposta do noso Instituto Argentino de Cultura Gallega, iste Centro acordóu reaizar, ao longo diste ano, unha serie de homenaxes a esgrevia figura do sobresainte artista, escritor e patriota galego Alfonso R.Castelao, por se cumprire o 25º Cabodano.

Antre ises homenaxes, figura o adicarlle a edizón dun número estraordinario da nosa revista GALICIA, coa colaboraciós dos máis relevantes inteleituáis galegos. A ise efeuto, sendo vosté un déles e sabéndoo admirador de tan insine groria de Galicia, permítome pregarlle queira arrequecer o devandito número estraordinario, coa valiosa colaborazón sua. Tamén lle prego que a mesma nola envíe denantes do 30 do vindeiro mes de abril.

Nosa revista GALICIA mándase gratis ós socios deste Centro Gallego de Buenos Aires como asimesmo ás bibliotecas e centros culturáis de Arxentina e América, e ás entidades galegas da penínsua e resto do mundo.

Coñecedor da sua devoción pola obra e persoalidade de Castelao, non dúbido da boa acollida que vosté emprestará a iste prego, polo cal de antemán lle agradezo afervoadamente.

Práceme saudar a vosté ca maior consideración

Xoán Carlos S. Rodríguez
Segredario

Xoán Manoel Pérez
Presidente

RP.MCC

60887